

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 3 DE MAIO DE 2010

1.- Expedientes en materia de contratación.

- Adxudícase definitivamente o contrato das **obras de adecuación, mellora e rehabilitación dos CEIP Roxos-Villestros e Rodríguez Xixirei e Escolas Infantís de Gaioso-Eixo e Rial-Laraño**, incluída no FES 2010, á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L., por importe de 152.000 euros máis IVE.
- Adxudícase definitivamente o contrato das **obras de adecuación, mellora e rehabilitación dos CEIP Arquitecto Casas Novoa, A Sionlla, López Ferreiro, Vite e Raíña Fabiola**, incluída no FES 2010, á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L., por importe de 130.000 euros máis IVE.
- Adxudícase definitivamente o contrato das **obras de adecuación, mellora e rehabilitación da rede de centros educativos de ensinanza infantil e primaria públicos do Concello de Santiago (CEIP Apóstolo Santiago, Fontiñas, Lamas de Abade e Escolas Infantís de Conxo e Fontiñas)**, incluída nos FES 2010, á empresa ALCOMTE GALICIA, S.L., por un importe de 152.222,05 euros máis IVE.
- Adxudícase definitivamente o contrato das **obras de adecuación, mellora e rehabilitación dos CEIP Monte dos Postes e Pío XII e Escola Infantil Bispo Teodomiro (Marrozos)**, incluída no FES 2010, á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L., por importe de 135.799,15 euros máis IVE.
- Adxudícase definitivamente o contrato de **substitución nos materiais e tecnoloxías na rede da auga e alumado público co obxecto de reducir o consumo enerxético e mellora da seguridade vial e mobilidade na rúa Rei Alvite**, incluída no FES 2010, á empresa OVIGA, SL, por importe de 172.413,79.
- Adxudícase definitivamente o contrato de **adequación, rehabilitación e mellora de locais para atención a persoas maiores e centro de uso sociocultural: local das Avoas de Pontepedriña e Centro Sociocultural**, incluída no FES 2010, á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL, por importe de 115.810,34.
- Adxudícase provisionalmente o **contrato de implantación de servizos de administración electrónica na carpeta cidadá e oficinas de atención do Concello de Santiago**, incluída no FES 2010 á empresa TECNOCOM, AS, por importe de 62.000 euros máis IVE.